

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: MUROS
COMARCA: MUROS - NOIA
DATA: 22 DE ABRIL
LUGAR DE REALIZACIÓN: Antiga Fábrica de Sel

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 12
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 4
NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: 17

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Paula Simal (Concelleira)
Representante Consello Nacional: Irati García

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: 11
DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1:25 horas
METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):
Clásica, debate coas cadeiras organizadas en círculo para facilitar as intervencións.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

Comparando coa dinámica dos últimos meses, triplicamos a asistencia media das Asembleas, polo que consideramos que participou un número considerable de persoas.

Ademais, o ambiente de confianza mutua e de gañas de aportar ideas, posibilitou que todas as persoas menos unha aportara as súas ideas e participara activamente da confrontación de ideas.

Boa parte do encontro centrouse en repasar a historia da organización na nosa localidade, e concluímos de que a pesar da situación actual, temos un equipo suficientemente numeroso para levantar a organización se traballamos con ilusión e con forza e constancia.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

O proceso de escisións serviu para que a organización tivera unha postura clara con respecto aos seus principios, ao desprenderse de xente de dereitas e de “trepas”.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

A situación actual de dependencia política, social e económica da nosa nación fai que sigan vixentes os principios fundacionais da ANPG e do BNG.

Temos, como organización, que escapar do discurso da palabra que se leva hoxe, e reconectar a través do discruso dos feitos e cos nosos actos coa xuventude, por que a ilusión e o entusiasmo que transmitía o BNG, hoxe o transmiten outras opcións políticas.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Debemos mudar as caras dos de sempre e renovar o discurso con novas caras.

Debemos centrar o noso discuros no nacionalismo de esquerdas, e transmitilo con claridade, para a partir daí, recuperar a todas as persoas nacionalistas de esquerdas que foron apartándose da organización e recuperar o noso espazo.

Temos que transmitir mellor á sociedade aquilo no que traballamos, que non pareza que ao BNG so lle importa o idioma e sentirse galegos.

Sabemos que do Estado Español, governe quen governe, non virá ningún cambio para Galiza, e debemos traballar para nós consecuentemente.

Deben dar pasos atrás os máis veteráns para que a xente nova asuma os novos retos, a todos os niveis, tanto local, comarcal como nacional.

O BNG debe ser coherente no seu discurso, a pesar de que electoralmente está complicado competir, debemos traballar para o futuro e intentar implicar a maior xente posible. Darlle vida a organización e resolver os problemas da organización non é cousa dun día.

Debemos aproveitar os nosos gobernos para aplicar con coherencia as nosas políticas. Como por exemplo, traballar no baleirado de contido das deputacións, algo que non se está percibindo na sociedade que se estea a facer.

Non somos capaces de transmitir á sociedade as nosas propostas e as nosas ideas con claridade.

Temos que contrarrestar na medida das nosas posibilidades o control mediático das demais organizacións.

Hai que actuar con rapidez pero estudando con criterio e profundidade cando aparecen conflitos na sociedade. Por exemplo, o tema do Cerco, que sendo necesario apoiar a ese sector pesqueiro, nos alonxou de boa parte do sector artesanal e de baixura, que manteñan posturas distintas ás que mantiña o Cerco.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Somos a organización política máis democrática do Estado, o que non nos exclúe de que debemos profundizar aínda máis no noso funcionamento democrático.

Participar nas Xerais como “Nós” foi un erro, debemos aproveitar o poder que posúe a nosa marca BNG.

É imprescindible realizar cursos de formación para a militancia e simpatizantes da organización.